



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE  
Dirección Xeral para o Deporte



PREMIO M.G.O. A LA PREVENCIÓN  
DE LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004

Comunicado nº 250/07  
18 de decembro de 2007

**TARIFAS PUBLICIDADE ANUARIO 2008 DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO:**

Os prezos para a tempada 2008, serán os seguintes:

	PAR	IMPAR
Página	600,00 €	650,00 €
½ Página	400,00 €	450,00 €
Página Sponsor Campeón	500,00 €	550,00 €
½ Página Sponsor Campeón	300,00 €	350,00 €
Doble página interior	1.100,00 €	
Contraportada	2.500,00 €	
Contraportada Interior Doble	2.000,00 €	
Portada Interior	1.500,00 €	
Faldón Vertical Portada Interior	700,00 €	

**sañ**  
Comunicacións XXI

Calquera persoa ou empresa que teña interese en insertar un anuncio ten que chamar ó teléfono fíxo 981-552530-40 ou móbil 649-026461. Srta. Mirian Jiménez.

Estos importes veránse incrementados co 16% de I.V.E.

**ADVERTENCIAS ORGANIZADORES DE SLALOM 2008:**

Ante a proliferación do incumprimento da normativa, **en materia de non axustarse o percorrido tipo de Slalom**, e de facer unha mini proba de velocidade con portas, a Comisión de Slalom acorda: O Observador, inspeccionará o trazado antes da celebración da proba, e terá plenos poderes para evacuar un informe vinculante que poderá iniciar expediente de anulación da proba do Campionato de Galicia de Slalom 2008; con posterior traslado da denuncia o Xuíz Único de Competición da Federación Galega de Automobilismo. Informase que o citado informe do Observador pode conlevar que a proba non puntue nin bloque resultados, quedando anulada do Campionato de Galicia de Slalom 2008, a tódolos efectos; con posibilidade de **esixir danos colaterais** dos pilotos ós organizadores.

**!!NOVIDADE!! “SUPERCROSSCAR” ANTEPROXECTO:**

Estase a estudar, para implantalo nas modalidades de Autocross, e Montaña (Campionato e Trofeo), unha nova modalidade denominada **“SuperCrossCar”**, con especificacións en materia de seguridade do Grupo “P” (de Montaña).

As características, despois de varias reunións con varios constructores galegos, en liñas xerais serían:

- 1º.- Carrocería de chapa, provinte dun vehículo homologado ou non.
- 2º.- Arco de seguridade homologado F.I.A.
- 3º.- Tracción traseira, obrigatoria, e con motorización de moto.
- 4º.- Especificacións e normativa que atinxe ó Grupo “P” de Montaña.
- 5º.- As cilindradas admitidas con motorizacións de moto exclusivamente dende a cilindrada de:  
600 c.c. 900 c.c. 1.100 c.c. 1.200 c.c. ata 1.300 c.c. (tope max.).
- 6.- O peso mínimo do vehículo será de 500 kg.
- 7.- O parabrisas terá que ser “laminado” en Montaña e de “lexan” en Autocross.
- 8.- Os cristais laterais e traseiro, de ser substituídos os orixinais, terán que ser obrigatoriamente de material “lexan”.

**Notas:** Incrementa-lo número de vehículos que poidan participar, aumenta-la espectacularidade, incentiva-la participación de xóvenes pilotos, coche moi sencillo ó ser autoconstruído, regulamento aberto a diferentes constructores, recuperación do entramado da industria auxiliar, formación sobre terra e asfalto, coche divertido de conducir, o importante número de pilotos implicados permitirá destaca-la calidade, prezo máximo do vehículo 15.000 €uros e sin apoio de marcas xeralistas, programa ideal para a formación dunha nova xeración de pilotos.